

REGULAMENTO

O Concello de Lousame organiza a I **CARREIRA POPULAR “PILAR BARREIRO SENRA” LOUSAME 2015** que se celebrará o domingo 29 de marzo ó longo de toda a mañá.

A proba en categoría absoluta disputarase sobre una distancia de 10 kms e poderán participar atletas federados e non federados.

As categorías de participación e distancias a percorrer serán as seguintes:

CATEGORÍA MENORES	ANOS DE NACEMENTO	PREMIOS
PITUFOS	Atletas nados no ano 2011 e posteriores	Medallas
PREBENXAMÍN	Atletas nados nos anos 2008, 2009 e 2010	Medallas
BENXAMÍN	Atletas nados no ano 2006 e 2007	Medallas
ALEVÍN	Atletas nados no ano 2004 e 2005	Medallas
INFANTIL	Atletas nados no ano 2002 e 2003	Trofeos 1,2,3
CADETE	Atletas nados no ano 2000 e 2001	Trofeos 1,2,3
CATEGORÍA ABSOLUTA	ANOS DE NACEMENTO	
XUVENIL	Atletas nados no ano 1998 e 1999	Trofeos 1,2,3
JUNIOR	Atletas nados no ano 1996 e 1997	Trofeos 1,2,3
PROMESA	Atletas nados no ano 1993, 1994 e 1995	Trofeos 1,2,3
SÉNIOR	Atletas nados entre os anos 1981 e 1992	Trofeos 1,2,3
VETERANOS A	Atletas nados entre os anos 1970 e 1980	Trofeos 1,2,3
VETERANOS B	Atletas nados entre os anos 1960 e 1969	Trofeos 1,2,3
VETERANOS C	Atletas nados no ano 1959 e anteriores	Trofeos 1,2,3

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
9:00 h-11:45 h	RECOLLIDA DE DORSAIS NA PRAZA D. TEODOMIRO HIDALGO	
10:20 h.	PITUFOS	100 m aprox.
10:35 h.	PREBENXAMÍN	500 m aprox.
10:45 h.	BENXAMÍN/ALEVÍN	1.000 m aprox.
11:00 h.	INFANTIL/CADETE	3.500 m aprox.
11:15 h.	XUVENIL	5.000 m aprox.
12:00 h.	JUNIOR/PROMESA/SÉNIOR E VETERÁN	10.000 m
13:30 h.	ENTREGA DE PREMIOS NA PRAZA D. TEODOMIRO HIDALGO	

Haberá un vale en material deportivo en cada unha das categorías menores para o/a primeiro/a clasificado/a empadroado/a no concello de Lousame, e que non se clasifique entre os 3 primeiros (excepto nas categorías de pitufos ata alevín, incluídos, que recibirá o vale en material deportivo o/a primeiro/a clasificado/a empadroado/a no concello de Lousame , na clasificación xeral)

1. INSCRICIÓN:

- As inscricións realizaránse na páxina web www.emesports.es, sendo a **data límite das mesmas, mércores, 25 de marzo ás 22:00 h.**
- Non se aceptarán inscricións fóra de prazo ou con datos incompletos.
- Os atletas deberán indicar a marca, e lugar, en 10 kms homologados na anterior tempada ou na presente para a formación dos caixóns de saída, ademais da súa talla de camiseta.
- Haberá un **límite de 500 inscritos** para a **categoría absoluta.**

2. PREZO:

O importe da inscrición é de **6 €** para a **categoría absoluta** e **totalmente gratuita para categoría de menores**, que da dereito a participar na actividade, seguro de responsabilidade civil, seguro de accidentes, avituallamentos, duchas, agasallos conmemorativos, e outros servizos (gardaroupa,).


3. DORSAIS:

- **A recollida de dorsais faráse o mesmo día da proba dende as 9:00 h ata as 11:45 h. na praza D. Teodomiro Hidalgo.**
- A tódolos/as participantes facilitaráselle dorsal correspondente a súa categoría, o cal deberán colocar visiblemente na parte dianteira para a súa identificación o longo da proba e a chegada, sen poder facer ningunha modificación no mesmo. O feito de non levalo dará lugar á descalificación do corredor.
- **Na liña de saída, os/as participantes deberán colocarse en función da cor do seu dorsal,** nos lugares habilitados e controlados para os mesmos.

4. CHIP:

Os/as participantes dende a categoría infantil en adiante estarán identificados/as, ademais do dorsal, cun chip que se entregará en aluguer a cadaún/a e que deberán colocar nas zapatillas antes da saída. Chegar a meta sin chip, será obxecto de descalificación. **Tódolos/as participantes teñen a OBRIGA de devolvelo ao finalizar a proba nos puntos sinalados o pasar a meta.**

5. PERCORRIDO:



6. SINALIZACIÓN E CONTROIS:

- Os percorridos estarán sinalizados, así como os puntos de avituallamento e aqueles lugares que o requiran tanto polo seu interese como por seguridade.
- **Ó longo do percorrido, a organización establecerá controis** que estimen oportunos, os cales poderán ser descalificantes para o que cometa algunha irregularidade.

7. AVITUALLAMENTOS

- No kilómetro 5 da categoría absoluta os/as corredores/as disporán de **avituallamento líquido**.
- Ó remate de cada proba, os/as corredores/as terán a súa disposición avituallamento **líquido e sólido**.

8. VESTIARIOS E DUCHAS:

No polideportivo municipal “PILAR BARREIRO SENRA” situado a 2 Kms da liña de saída e chegada (42°46′19.88” N 8°51′26.35” O).



9. RECORDOS:

Os/as participantes serán agasallados cunha camiseta técnica conmemorativa da actividade, dende a categoría infantil en adiante (inclusive). De categoría infantil para abaixo tódolos/as participantes serán obsequiados/as cunha medalla.

10. PREMIOS

- Trofeo ós/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría, masculina e feminina.
- Trofeos ó e á mellor atletas locais da categoría absoluta (sempre e cando non estén entre os 3 primeiros)
- Trofeo ós/as atletas de maior idade, tanto femenino coma masculino.

Os trofeos non serán acumulativos.

11. EXCLUSIÓNS:

Serán excluídos/as da carreira popular todos/as aqueles/as que incumpran as seguintes condicións: non seguir a ruta marcada pola organización; participar poñendo en risco tanto ao entorno coma ós demais participantes; non respetar a tódolos/as participantes; non cumprir as indicacións da organización; non respetar o medio ambiente e a propiedade tanto pública coma privada e non depositar os residuos nos lugares que se habiliten para tal fin.

12. LIMITACIÓNS E DOENZAS:

Os/as participantes teñen a obriga de comunicar á organización se padecen algunha doenza ou limitación que poida requirir unha atención especial no desenvolvemento da actividade; en caso contrario, as consecuencias serán sempre da súa responsabilidade. Considéranse non aptas para participar aquelas persoas que sufran calquera enfermidade ou limitación física para o desenvolvemento da actividade.

13. CAMBIOS E SUSPENSION:

A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias para un mellor desenvolvemento da actividade, a súa suspensión ou aprazamento se as condicións meteorolóxicas o obrigan por casos de forza maior, así como a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento.

14. RESPONSABILIDADE:

A organización conta cun seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, pero cada participante, polo mero feito de formalizar a inscrición, fáise responsable individualmente dos danos que cause no desempeño da actividade, sempre e cando esta non se realice nas condicións establecidas ou dentro dos circuitos delimitados.

A organización non se responsabiliza dos obxectos persoais que poidan extraviarse ou danarse.

15. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

- Non estará permitido o acompañamento dos/as participantes mediante o uso de vehículos de apoio.
- **Haberá servizo de gardaroupa**
- **Aparcadoiros:** arredores do concello. É moi importante seguir as instrucións de Protección Civil.
- Os resultados oficiais das probas poderán consultarse nas web:
 - www.emesports.es
 - www.concellodelousame.es
- O descoñecemento deste regulamento, non exime do seu cumprimento.
- En caso de cancelación do evento por causas alleas á organización, non se devolverá o importe da inscrición. ¿??????

Dado o carácter estritamente popular, festivo e deportivo desta proba, a organización agarda de tódolos participantes a súa colaboración e o mellor espírito deportivo.

¡¡ Lousame co deporte !!